

DOCUMENTO ORIENTATIVO PARA ELABORAR A GADU PARA O CURSO ACADÉMICO 2013/2014

- PASO 0: DATOS IDENTIFICATIVOS

No espazo reservado para a 'Descrición Xeral': en ocasións aparece en branco. É preciso poñer unha descrición sinxela e clara da materia.

Na pestana de 'Idioma': falta o idioma no que se vai explicar a materia. Polo tanto, debe senalizarse o idioma (castelán ou galego).

- PASO 1: COMPETENCIAS DA TITULACIÓN

Na Memoria do GRAO aparecen contempladas as competencias para cada un dos diferentes MÓDULOS (consultar o enlace:

<http://www.economicas.udc.es/contenido.php?idpag=3010130103&idcon=pag20101120185>)

Deberían tratar de adaptarse o máis posible a ese documento.

- PASO 2: RESULTADOS DA APRENDIZAXE

Hai que identificar as competencias da materia e da titulación (tipoloxías A e C). Débese facer click na icona 'Editar', que se atopa situada á esquerda de cada competencia da materia que o docente seleccionara.

Ademáis, é conveniente saber distinguir a tipoloxía de cada competencia. Hai tres categorías posibles: saber, saber facer e saber estar.

- PASO 3: CONTIDOS

É necesario incluír os contidos da materia, tanto temas como subtemas. Neste sentido, debe existir unha vinculación clara e coherente entre cada tema e os subtemas correspondentes.

Sería desexable editar cada tema nunha liña.

- PASO 4: PLANIFICACIÓN

Todas as materias de Grao deben ter 42 horas presenciais repartidas do seguinte xeito:

- 17 horas en sesións maxistrais en grupo de 30 alumnos.
- 25 horas de docencia interactiva en grupo de 30 alumnos.

Subtotal: 42 horas.

A maiores, tamén deben indicarse as horas planificadas para o/s exame/s ("probas") que se fagan no período de avaliación; outros tipos de exames, probas e avaliacións que se poidan

facer durante o curso deben computarse como docencia interactiva, dentro das 25 horas. Polo tanto, a columna A (sen contar “probas” do período de avaliación, nin a “Atención personalizada”, nin as titorías en grupos reducidos) debe sumar 42 horas.

Adicionalmente, deben incluírse as horas de titoría de grupo reducido, 2 subgrupos de aproximadamente 15 alumnos. Cada estudante deberá recibir 4 horas de titorías en grupo reducido. O docente pode incluílas na GADU como:

- ‘Seminario’ ou calquera metodoloxía que se adapte á actividade que se vai realizar, engadindo unha nova metodoloxía docente.
- Ou ben como ‘Atención personalizada’. Isto explicárase na ‘Atención personalizada’ (PASO 6).

Debido a que cada grupo se divide en 2 subgrupos, e polo tanto figuran 8 horas no POD, o docente debe impartir ao longo do curso as devanditas horas.

As restantes horas, ata chegar ás 150 horas de carga do alumnado, serán horas non presenciais, ou sexa, de traballo particular do alumno (columna B). Lembra que facendo click nas palabras de cor vermella ábrese útiles ventás de axuda, como a que explica as 40 metodoloxías posibles:

https://campusvirtual.udc.es/guiadocente/docencia/admin/llistat_metodologia.php?fitxa=2.

Ao abrir esa ventá é sinxelo atopar a metodoloxía que se adapte aos tipos de exame que pretendemos ou ao desenvolvemento previsto das clases interactivas.

- PASO 5: METODOLOXÍA

Trátase de explicar en que consisten as metodoloxías docentes escollidas no paso 4.

A continuación recóllese un exemplo de explicación das 4 horas de titoría de grupo reducido. Como se explicou no apartado 4, hai dúas opcións para planificar esas 4 horas. Supoñendo que se escolle a opción de ‘Seminario’, explícase un exemplo:

Engadiríase unha nova metodoloxía, p. ex. ‘Seminario’, e deberíase explicar en que consiste. Inclúese un texto de referencia que pode servir de axuda: *“Formaranse dous subgrupos por cada un dos grupos. Fixarase unha titoría cunha duración de 4 horas repartidas ao longo do período lectivo para atender dúbidas sobre a solución de problemas ou sobre a preparación da materia, etc... Avisarase na clase con antelación sobre o lugar e a data en que se van celebrar”*. Para saber a dispoñibilidade das aulas, recórdase que o profesor debe rexistrarse en Conserxaría o día, hora e aula en que van realizarse as titorías. Este mesmo texto pode servir para engadir en ‘Atención personalizada’, en cuxo caso hai que explicar en que consiste –paso seguinte–.

Por último, con respecto aos exames (“probas”) lembra que debe haber coherencia entre o tipo de proba seleccionada e a súa descrición. Igualmente, é necesario que se escriba con certo detalle a metodoloxía empregada en cada caso.

- PASO 6: ATENCIÓN PERSONALIZADA

En ocasións este apartado non se cobre, pero é aconsellable facelo.

En caso de computar as titorías de grupo reducido como atención personalizada, deben describirse as actividades que se van facer nesas horas.

- PASO 7: AVALIACIÓN

Calquera tipo de metodoloxía de avaliación debe estar o máis claro e detallado posible.

No relativo aos criterios, aconséllase que se consulte, e, se é o caso, que se transcriba literalmente o documento “PROPOSTA DE MARCO COMÚN” PARA A ELABORACIÓN DAS GUÍAS DOCENTES DAS MATERIAS DOS GRAOS (puntos 12 a 16):

http://www.economicas.udc.es/subido/Acordo_marco_GADU.pdf

A continuación expóñense as principais dúbidas que xurdiron en anos anteriores e as súas respostas. Formúlase a pregunta tal e como os alumnos a efectuaron e se explica a resposta. O docente pode copiar e pegar os párrafos que lle interese resaltar –serían os párrafos que corresponden a R-.

P. Cal é a importancia ou ponderación do exame final?

R. A ponderación do exame final non debe ser inferior ao **30%** nin superior ao **70%**.

P. En que condicións pode aparecerme a calificación de “Non presentado”?

R. Corresponde ao alumnado, cando só participe en actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación conseguida. É dicir, aqueles alumnos cuxa participación nas actividades iguale ou supere o 20% e non se presenten ao exame final, serán avaliados como suspensos. Esta cuestión deberá facerse constar na guía GADU.

P. Existen mínimos para superar a materia?

R. Se para aprobar a materia é preciso conseguir unha puntuación mínima nalgunha das partes da avaliación da mesma, este aspecto farase explícito na guía docente.

P. Empréganse os mesmos criterios para avaliar en xullo que na primeira oportunidade?

R. A avaliación da oportunidade de xullo debe realizarse cos mesmos criterios que os utilizados, no seu caso, na avaliación do primeiro ou do segundo cuatrimestre.

P. Condicións de realización da avaliación final.

R. Está prohibido acceder á aula do exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información.

P. Cando hai que entregar traballos ... cales son as datas?

R. Se na guía docente se estableceron métodos de avaliación continua que non necesariamente deberían desenvolverse na aula, na guía da materia debe establecerse a data máxima que tería o alumno para achegar os correspondentes materiais para ser avaliados, no seu caso, na proba de xullo.

- **PASO 8: FONTES DE INFORMACIÓN**

É importante poñer a bibliografía básica de forma selectiva. Así, é conveniente diferenciar entre bibliografía básica (ex. Capítulos 13-15 do manual A) e complementaria (diferentes manuais que o alumno podería consultar).